



BASES E CONVOCATORIA DE SUBVENCÍONS PARA FINANCIAR ACTIVIDADES E PROXECTOS PEDAGÓXICOS DE FEDERACÍONS E ASOCIACÍONS DE NAIS E PAIS EXISTENTES NO CONCELLO DE OURENSE

A Concellería de Educación do Concello de Ourense efectúa unha convocatoria pública de subvencións para promover a realización daquelas actividades ou proxectos que poidan contribuír á atención das necesidades educativas existentes, con plena suxeición ós principios de publicidade, concorrência e obxectividade na súa concesión.

Artigo 1º.- Obxecto

As presentes bases teñen por obxecto regular o procedemento da concesión de subvencións en réxime de concorrência competitiva para o ano 2026, con destino ó fomento das actividades extra-escolares organizadas polas Federacións e Asociacións de Pais e Nais de Centros Escolares radicados no termo municipal de Ourense para o Curso 2025-2026.

Quedan excluídas destas bases e convocatoria as seguintes actividades e proxectos:

- Aquelas actividades ou proxectos que presenten asociacións, entidades ou colectivos que non acaden a condición de beneficiarios.
- Actividades e proxectos que non cumpran algún requisito das presentes bases, ou as referidas no artigo 2.2 da Ordenanza xeral municipal de subvencións.

Artigo 2º. - Financiamento

A concesión destas subvencións outorgarase con cargo a partida N 260.3261.48944 do orzamento municipal vixente, reservándose a tal fin o correspondente crédito orzamentario, por un importe globalmente considerado de dezoito mil euros (18.000,00€).

Artigo 3º. - Beneficiarios

Poderán solicitar as subvencións reguladas nas presentes bases e convocatoria, as Federacións e Asociacións de Nais e Pais de centros escolares con domicilio social no Concello de Ourense e que figuren inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións do Concello de Ourense ao finalizar o prazo de presentación de solicitudes.





Artigo 4º.- Contía e límite das subvencións

A contía da subvención será o resultado de ratear o crédito máximo dispoñible entre o número de solicitudes presentadas que reúnan os requisitos establecidos no artigo seguinte (5º). Dita contía non poderá exceder do 75% do custo do proxecto e/ou actividades para as que se solicitan a subvención. Este límite operará tanto no momento de outorgar a subvención, como no exame da conta xustificativa que debe presentar o beneficiario da subvención, para acreditar o emprego da subvención concedida.

En ningún caso o importe da subvención poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con subvencións ou axudas doutras administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, supere o custo total da actividade a desenvolver polo beneficiario.

Nos casos nos que a contía resultante da repartición equitativa entre o numero de solicitudes sexa inferior ao crédito máximo dispoñible; a contía restante será novamente repartida entre os concorrentes, que non resulten afectados polo limite do 75% do custo da actividade subvencionada.

A subvención aprobada poderá ser revisada, unha vez coñecido o financiamento do gasto a través doutras achegas públicas, así como no seu caso doutros ingresos de carácter privado.

Artigo 5º.- Requisitos dos destinatarios

Só poden ser beneficiarios de axuda os solicitantes nos que concorran os seguintes requisitos:

- 1.- Conten cun programa ou proxecto de actividades lúdico-educativas.
- 2.- Destinen os fondos para as actividades que foron concedidas.
- 3.- Fomenten a participación de nais e pais na vida escolar.
- 4.- Non revistan duplicidade en convocatorias do Concello de Ourense.
- 5.- Figuren inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións do Concello de Ourense ao finalizar o prazo de presentación de solicitudes.

Artigo 6º.- Documentación a presentar

Sen prexuízo do establecido no artigo 53.1.d) da Lei 39/2015, os/as solicitantes deberán presentar a seguinte documentación:





CONCELLO DE OURENSE

- 1.- Solicitud de subvención dirixida ao Excmo. Sr. Alcalde, subscrita por representante legal firmada da entidade, debidamente acreditado, con indicación da dirección a efectos de notificacións (Anexo I).
- 2.- Certificación do secretario da entidade en relación coa actuación do representante legal (Anexo IX)
- 3.- Proxecto explicativo das actividades que se pretenden realizar, con especificación da previsión da data e lugar de realización, responsables do desenvolvemento da actividade, obxectivos e fins concretos a que se destinarán os fondos.
- 4.- Declaración responsable de non estar incurso en ningunha das prohibicións legalmente establecidas para poder obter a condición de beneficiario (Anexo II).
- 5.- Orzamento de ingresos e gastos con expresión do financiamento previsto (Anexo III).
- 6.- Fotocopia do código de identificación fiscal (CIF).
- 7.- Inscripción no Rexistro de Asociacións Municipais
- 8.- Os datos bancarios da conta á que se lle poderá transferir o importe da subvención (Anexo IV).
- 9.- Compromiso firme de comunicar á Concellería de Educación a concesión de calquera outra axuda ou subvención, de entes públicos ou privados, para a mesma finalidade, con anterioridade á xustificación da aplicación outorgada aos fondos recibidos (Anexo VII).
- 10.- Declaración responsable de non ser debedor da facenda estatal, autonómica e local, así como con respecto á Seguridade Social (Anexo II).
- 11.- Non será preciso a presentación dos documentos que se atopen en poder do Concello de Ourense, sempre que se faga constar que non sufriron ningunha variación e se indique a dependencia onde están depositados. (Anexo VIII)

Artigo 7º.- Gastos subvencionables

Son gastos subvencionables aqueles que respondan á natureza da actividade subvencionable, para o curso 2023-2024, período entre setembro de 2025 ata xuño de 2026, sempre que figuren efectivamente pagados con anterioridade á finalización do período de xustificación.

Non se subvencionarán comida, bebida, nin bens inventariables. Tampouco utilizar o diñeiro da subvención para subvencionar a outros.

Artigo 8º.- Presentación

As solicitudes xunto coa documentación, presentaranse mediante rexistro electrónico conforme ao artigo 14.2 da Lei 39/2015 de 1 de outubro.





O prazo de presentación será de 10 días hábiles a partir da publicación da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia (B.O.P).

As bases, e os seus anexos estarán a disposición dos interesados na Concellería de Educación, ou ben poderán ser descargados da páxina web do concello (www.ourense.gal).

No suposto de que as solicitudes presentadas non reúnan os requisitos sinalados, requirirase aos interesados para que no prazo de 10 días emenden as anomalías advertidas, procedéndose no caso contrario ao arquivo da solicitude.

Artigo 9º.- Tramitación

1. As solicitudes tramitaranse conforme co disposto na lexislación vixente na materia.
2. A instrución do procedemento de concesión de subvencións corresponderalle ao Xefe de Servizo de Educación ou a/o traballador/a do Servizo de Educación en quen delegue, que realizará de oficio cantas actuacións estime necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos datos en virtude dos cales debe formularse a proposta de resolución.
- 3.- De conformidade co disposto no artigo 22 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, establécese un procedemento de instrución abreviado, consistente en que a proposta de concesión a formalizará o órgano instrutor designado, que unicamente procederá a comprobar a concorrencia dos requisitos requiridos para a concesión da subvención.

Artigo 10º. - Resolución

A Concelleira delegada de Educación, á vista da proposta de resolución definitiva, resolverá o procedemento de forma motivada, mediante resolución na que se fará constar a desestimación das solicitudes que non obteñan subvención.

A resolución que se adopte será notificada a todos os solicitantes, no prazo de tres meses, contado dende á finalización do prazo de presentación de solicitudes.

Artigo 11º.- Xustificación

As subvencións concedidas deberán estar xustificadas ata o 30 de xuño de 2026, incluído.

A documentación xustificativa será a seguinte:

- a) Instancia subscrita polo/a presidente/a da entidade beneficiaria da subvención na que se solicite o seu pagamento.
- b) Presentación da conta xustificativa, que comprenderá:





- Memoria detallada dos proxectos e actividades realizadas financiadas coa subvención e o seu custo, participantes, datas... así como exemplares da publicidade, de ser o caso (carteis, dípticos....).
- Relación numerada de todas as facturas dos gastos realizados con motivo da actividade ou proxecto subvencionado con expresión da data, proveedor, obxecto facturado, importe total do documento, data de pagamento (anexo V).
- Presentación de todas as facturas, con validez no tráfico xurídico mercantil, administrativo ou laboral, coa acreditación de estar pagadas.

A acreditación de pago:

- * No caso de pago en efectivo ate un máximo de 500,00 € por proveedor: a factura virá selada e asinada pola persoa responsable do cobro con expresión mínima de nome, apelidos e DNI. Deberá, ademais, poñer, con total claridade que está pagada.
- Nos demais pagos e todos aqueles que sexan superiores a 500,00 € por proveedor, presentación de documento bancario no que conste o terceiro a quen vai dirixido o pago e a data en que foi realizado.

As facturas deberan presentarse na mesma orde correlativa que a relación numerada destas

- Liquidación de ingresos da actividade subvencionada (Anexo VI)
 - Declaración asinada polos responsables da existencia ou inexistencia, de ser o caso, doutras subvencións ou axudas outorgadas por outras Administracións, entidades ou persoas físicas para a mesma finalidade (Anexo VII).
- c) Un exemplar de toda a documentación impresa xerada pola actividade que acredite a participación da Concellería de Educación de Ourense no financiamento da actividade subvencionada, coa inclusión do anagrama da concellaría nos exemplares dos programas, carteis anunciadores, fotografías e demais material gráfico ou sonoro que publiquen con motivo do programa ou actividade subvencionada. Non se esixirá o cumprimento desta obriga para o suposto de actividades totalmente realizadas con anterioridade a resolución da presente convocatoria.

A falta de xustificación dentro do prazo establecido, determinará a perda do dereito a cobro da subvención concedida.

Artigo 12º.- Requisitos dos documentos legais de xustificación do gasto.





Os documentos que se acheguen como xustificante da subvención deberán cumprir os requisitos seguintes:

- a) Deberase aportar o orixinal ou unha copia compulsada de cada un dos documentos que se presenten.
- b) As facturas deberán cumprir os requisitos establecidos para a súa expedición no R.D. 1496/2003 e contar co selo de pagado ou presentar xustificación documental que acredite o pago.

No suposto do pago a persoas físicas que prestan servizos profesionais ou axudas de custo, a entidade subvencionada virá obrigada a acreditar a práctica das retencións fiscais que lle resulten aplicables cos límites e excepcións que contempla a lexislación vixente na materia.

Os pagos a persoal retribuído coa súa pertinente retención xustificaranse a través da nómina correspondente, acompañada dos TCs.

En ningún caso se admitirán cartas de recepción ou tickets de caixa.

Artigo 13º.-Pagamento

Como norma xeral só se procederá ao libramento da subvención concedida trala xustificación íntegra polo beneficiario da aplicación da subvención recibida.

O pagamento realizarase mediante transferencia bancaria, trala aprobación da conta xustificativa presentada polo destinatario da subvención.

Con carácter previo á xustificación da aplicación da axuda económica outorgada e sempre que as necesidades de tesourería así o xustifiquen, tendo en conta o carácter público e social así como o carácter non lucrativo das ANPAS, o Concello de Ourense poderá efectuar un pagamento a conta en concepto de pagamento anticipado ata un máximo do 60% da cantidade subvencionada, previa petición do interesado e atendendo ás dispoñibilidades líquidas do Concello de Ourense.

Artigo 14º. -Aceptación da subvención e compromisos

A subvención entenderase aceptada polo solicitante se dentro do prazo de 10 días seguintes á recepción da comunicación da concesión, non manifesta nada en contra.

Os beneficiarios das subvencións, unha vez aceptadas estas, expresa ou tacitamente, quedarán obrigados a destinar os fondos percibidos para o obxecto concreto para o que foron concedidas.

Os beneficiarios, ademais de realizar a actividade que fundamenta a concesión da subvención nos prazos sinalados, someterase ás actuacións de comprobación e seguimento da aplicación da





subvención pola Concellería de Educación cós medios que estime oportunos e facilitará canta información lles sexa requirida. A obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras Administracións, entidades ou persoas físicas, poden dar lugar á modificación da resolución de outorgamento.

Artigo 15º.- Publicidade das axudas

De conformidade co previsto na lexislación galega de transparencia e boas prácticas, a Concellaría de Educación publicará na web a relación de axudas concedidas polo que, a presentación da solicitude, implica a autorización para o tratamento dos datos dos beneficiarios e da súa publicación en dita web.

Non será precisa a publicación nos supostos contemplados no artigo 15.2 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia. O beneficiario pode facer constar o seu dereito a que non se fagan públicos os seus datos nos supostos previsto na letra d) do parágrafo 2 de dito artigo.

Artigo 16º.- Tratamento de datos de carácter persoal

Os datos dos solicitantes incorpóranse aos ficheiros municipais co fin de instruír o procedemento para a concesión das subvencións obxecto destas bases.

Os datos serán tratados e protexidos de conformidade co previsto na Lei 39/2015 do procedemento administrativo común das administracións públicas e na Lei orgánica de protección de datos de carácter persoal, sendo responsable do seu tratamento o Servizo de Educación do Concello de Ourense, ante o que os beneficiarios poderán exercer o seu dereito de acceso, rectificación, cancelación e oposición.

Artigo 17º.- Modificación e reintegro de subvencións. Régimen de infracciones y sanciones

En caso de incumprimento da entidade por algunha das causas previstas no artigo 33 da Lei de subvencións de Galicia, procederase á tramitación dun expediente de reintegro, ou, se é o caso, de perda de dereito á subvención concedida. A obriga de reintegro ou perda da subvención poderá ser total ou parcial, en función da gravidade do incumprimento do beneficiario, graduándose de acordo co principio de proporcionalidade. En todo caso, o reintegro ou perda da subvención incluírán sempre como mínimo os importes cuxo gasto non se xustificase en prazo.





En canto ás **infraccións e sancións** en que poidan incorrer os beneficiarios destas axudas, e o procedemento para a súa imposición, estarase ao disposto no título IV da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no RD 1398/1993, do 4 de agosto, polo que se aprobou o Regulamento do procedemento para o exercicio da potestade sancionadora, sen prexuízo das especialidades que se establecen na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeneral de subvencións e o R.D. 887/2006, do 21 de xullo que o desenvolve.

Constituyen infracciones administrativas en materia de subvenciones las acciones y omisiones tipificadas en la Ley 9/2007 de 13 de junio, de subvenciones de Galicia y serán sancionables incluso a título de simple negligencia.

Las infracciones se tipificaran como leves, graves y muy graves según las conductas e incumplimientos detallados en los correspondientes artículos 54, 55 y 56 de la citada ley 9/2007.

Las infracciones en materia de subvenciones se sancionaran mediante la imposición de sanciones pecuniarias y, cuando proceda, de sanciones no pecuniarias.

a) Las sanciones pecuniarias podrán consistir en multa fija o proporcional. La sanción pecuniaria proporcional se aplicara sobre la cantidad indebidamente obtenida, aplicada o no justificada. La multa fija estará comprendida entre 100 y 1.000 euros y la multa proporcional puede ir del tanto al triple de la cantidad indebidamente obtenida, aplicada o no justificada o, en el caso de entidades colaboradoras, de los fondos indebidamente aplicados o justificados.

La multa pecuniaria sera independiente de la obligación de reintegro contemplada en el artículo 36 de la Ley 9/2007, así como de las indemnizaciones por danos y perjuicios que pudieran exigirse.

b) Las sanciones no pecuniarias, que se podrán imponer en caso de infracciones graves o muy graves, podrán consistir en: La perdida durante un plazo de hasta cinco anos de la posibilidad de obtener subvenciones, ayudas publicas y avales de las administraciones publicas u otros entes públicos.

Las sanciones por las infracciones a las que se refiere el capitulo II del titulo IV de la citada ley se graduaran atendiendo en cada caso concreto a las circunstancias y supuestos especificados en su artículo 58.

La imposición de las sanciones en materia de subvenciones se efectuara mediante expediente administrativo en el que, en todo caso, se dará audiencia al interesado antes de dictarse el acuerdo correspondiente y que sera tramitado de conformidad con lo dispuesto en los artículos 63 y 64 de la Ley 39/2015, de 1 de octubre del procedimiento administrativo común de las administraciones publicas.





El procedimiento se iniciara de oficio, como consecuencia de la actuación de comprobación desarrollada por el órgano concedente, así como de las actuaciones de control financiero previstas en la Ley 9/2007 de 13 de junio.

Los acuerdos de imposición de sanciones pondrán fin a la vía administrativa.

Unha vez tramitado o expediente de reintegro ou declaración da perda do dereito á subvención, concederáselle ao interesado un prazo de quince días hábiles para que poida comparecer no expediente, tomar audiencia e, a vista deste, propor as probas e realizar as alegacións que estime oportunas. Concluídas estas actuacións e emitidos os informes correspondentes, ditará a resolución a Xunta de Goberno.

Procederá o reintegro da subvención por concorrer algunha das causas previstas na lexislación de subvencións (artigo 33 da lei de subvencións de Galicia e artigo 37 da Lei estatal).

Nos supostos nos que da conta xustificativa ou do proceso de comprobación se deduza que a actividade obtivo axudas ou subvencións públicas por importe superior ó 100% do seu custo, reducirase proporcionalmente a axuda concedida na contía necesaria.

A acreditación de gastos por debaixo do límite da cantidade subvencionada, así como as deficiencias non susceptibles de emenda que se observen na conta xustificativa que presente o beneficiario, dará lugar ao rateo automático da cantidade subvencionada.

Disposición final

En todo o non especificado nas presentes bases estarase o disposto na Lei 38/2003 de 17 de novembro, xeral de subvencións e o seu Regulamento, na Lei 9/2007 de 13 de xuño de subvencións de Galicia, na ordenanza xeral de subvencións do Concello de Ourense e demais normativa que lles resulte de aplicación.

Estas bases entraran en vigor o día seguinte da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia.





ANEXO I

DATOS DO SOLICITANTE

Denominación social:		CIF
Representante:	DNI representante	TELÉFONO
Domicilio		Código Postal
E-mail		

SOLICITO:

Admítase a solicitude de subvención con destino a sufragar os gastos de

.....
.....
.....
.....
.....
.....
.....

para os que se acompañan os documentos requiridos na convocatoria.

Ourense, de de 2026

Asdo.:

SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE OURENSE





ANEXO II
DECLARACIÓN RESPONSABLE

D/Dña..... con DNI.
.....como Presidente/a da Federación ou Asociación de Nais e Pais e con domicilio
en
.....
.....

D/Dña..... con DNI.
.....como Secretario/a da Federación ou Asociación de Nais e Pais e con domicilio
en
.....
.....

FORMULAMOS SOLIDARIAMENTE A PRESENTE DECLARACIÓN RESPONSABLE,

1. Que nin a entidade, nin os seus membros, nos casos legalmente establecidos, se atopen incurso en ningunha das prohibicións legalmente estipuladas para obter a condición de beneficiario de subvencións das Administracións Públicas.
2. Que a entidade non é debedora coa facenda estatal, autonómica nin local nin coa Seguridade Social.
3. Que nos comprometemos a custodiar os fondos da subvención así como os documentos acreditativos da aplicación.
4. Que nos comprometemos a facilitar tanta información nos sexa requirida pola concellería de Educación, referente a calquera circunstancia ou extremo relativo á subvención outorgada.
5. Que nos comprometemos a realizar o rexistro, na contabilidade, do ingreso da subvención percibida, nos termos legalmente establecidos.
6. Que o Código de identificación fiscal (CIF) atópase ante o organismo correspondente e non sufriu modificación ningunha.
7. Que hai uns Estatutos que rexen a Asociación, así como certificación acreditativa dos cargos representativos e domicilio social.
8. Que tanto os Estatutos como os cargos representativos figuran depositados no Rexistro Municipal de Asociacións e non sufriron variación.

Ourense,..... de de 2026

PRESIDENTE/A

SECRETARIO/A

Asdo.:

Asdo.:





CONCELLO DE OURENSE

SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE OURENSE



ANEXO III

ORZAMENTO DA PROXECTO DE ACTIVIDADE ANO 2026

ORZAMENTO INGRESOS PARA O PROXECTO DE ACTIVIDADE		ORZAMENTO DE GASTOS PARA O PROXECTO DE ACTIVIDADE	
	EUROS		EUROS
Achegas dos socios/as para as actividades do proxecto		Gastos de persoal imputable as actividades do proxecto	
Ingresos outras subvencións para as actividades do proxecto		Gastos de Servizos para as actividades do proxecto	
Outros ingresos		Outros gastos, imprevistos	
TOTAL INGRESOS		TOTAL GASTOS	

Ourense,..... de de 2026

SECRETARIO/A

PRESIDENTE/A

SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE OURENSE





Excmo. Concello de Ourense

TESOURERIA

**SOLICITUDE DE APERTURA/MODIFICACIÓN DE FICHA DE TERCEIRO E PAGAMENTO
POR TRANSFERENCIA**

SOLICITUD DE APERTURA/MODIFICACIÓN DE FICHA DE TERCERO Y PAGO POR TRANSFERENCIA

DATOS DO/A INTERESADO/A

(A rellenar polo/a interesado/a)

DATOS DEL/DE LA INTERESADA

(A rellenar por el/la interesado/a)

NOME E APELIDOS OU RAZÓN SOCIAL/NOMBRE Y APELLIDOS O RAZÓN SOCIAL:

NIF/CIF:

VÍA PÚBLICA, Nº, ANDAR/PISO, PORTA/PUERTA:

LOCALIDADE/LOCALIDAD:

CÓDIGO POSTAL:

PROVINCIA:

TELÉFONO:

FAX:

NOME E APELIDOS DO/DA REPRESENTANTE/NOMBRE Y APELLIDOS DEL/DE LA REPRESENTANTE:

NIF:

TELÉFONO:

Data/Fecha:

Conforme: O/A TERCEIRO/A
EL/LA TERCERO/A

Asdo/Fdo.:

DATOS BANCARIOS

(A cubrir pola Entidade Financeira)

DATOS BANCARIOS

(A cubrir por la Entidad Financiera)

ENTIDADE FINANCEIRA (Banco ou Caixa)/ENTIDAD FINANCIERA:

SUCURSAL:

VÍA PÚBLICA:

LOCALIDADE/LOCALIDAD:

CÓDIGO POSTAL:

PROVINCIA:

CODIGO IBAN

PAIS Nº CONTROL

ENTIDAD

SUCURSAL

D.C.

Nº DE CUENTA

Data/Fecha:

Certificamos que a conta sinalada figura aberta nesta Entidade a
nome do/da interesado/a arriba mencionado/a:

Certificamos que la cuenta señalada figura abierta en esta entidad a nombre del/de
la interesado/a arriba mencionado/a:

(Sinatura e selo da Entidade Financeira)

(Firma y sello de la Entidad Financiera)

De conformidade co disposto na Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Personales y garantía de los derechos digitales, os datos de carácter persoal, recollidos neste impreso, serán incorporados a un fichero automatizado coa exclusiva finalidade do seu uso dentro deste Concello. O/A titular dos mesmos pode exercer o seu dereito de rectificación ou cancelación, nos termos da Lei, dirixíndose ó Excmo. Concello de Ourense. / De conformidad con lo dispuesto en la Ley de Protección de Datos (L.O. 3/2018) los datos de carácter personal, recogidos en este impreso, serán incorporados a un fichero automatizado con la exclusiva finalidad de su uso en este Ayuntamiento. El/la titular de los mismos podrá ejercer su derecho de rectificación o cancelación en los términos de la Ley dirigiéndose al Excmo. Ayuntamiento de Ourense

ILMO. SR. ALCALDE- PRESIDENTE DO CONCELLO DE OURENSE

***Tramitar pola sede electrónica co tramite específico este modelo e a modo informativo.**



Documento asinado electrónicamente conforme á Lei 6/2020.

A versión impresa do documento electrónico ten a condición de COPIA.

Verificación do documento mediante código CSV no sitio <http://sede.ourense.gob.es>

CÓDIGO CSV: 7GKXWUSFVJH6VOPY

RELACIÓN DE GASTOS

D/a.....como secretario/a da Federación/Asociación de nais e
pais

E para que conste e xurda os efectos de xustificación ante á Concellería de Educación, asino o presente escrito de orde e co V. E Pr. do Sr. Presidente/a

O/A secretario/a



ANEXO VI
LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO DE INGRESOS

INGRESOS QUE FINANCIARON A ACTIVIDADE	
Achegas dos socios/as para as actividades do proxecto	
Ingresos outras subvencións para as actividades do proxecto	
Outros ingresos	
TOTAL INGRESOS	

Ourense, de de 2026

SECRETARIO/A

PRESIDENTE/A

SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE OURENSE



ANEXO VII

D/Dña.....con DNI.....
como Presidente/a/ da Federación/Asociación de nais e pais e con domicilio en
.....

D/Dña.....con DNI.....como
secretario/a da Federación/Asociación de nais e pais e con domicilio en
.....
..... declaramos, baixo a nosa responsabilidade, ós efectos de acreditar
ante a Concellería de Educación (subvencións ano 2025) que:

Non se solicitaron, nin se obtiveron outras subvencións para a mesma finalidade ao longo do presente curso.

Solicitáronse subvencións a outros organismos ou institucións o longo do presente curso, en concreto:

----- Concedida Denegada Trámite. Importe:

----- Concedida Denegada Trámite. Importe:

Ourense, de de 2026

PRESIDENTE/A

SECRETARIO/A

SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE OURENSE



ANEXO VIII

D/Dña.....con DNI.....como Presidente/a/ da Federación /Asociación de nais e pais e con domicilio en

.....

D/Dña.....con DNI.....como Secretario/a da Federación /Asociación de nais e pais e con domicilio en

.....

Declaramos, baixo a nosa responsabilidade, ós efectos de acreditar ante a Concellería de Educación (subvencións ano 2023)) que a documentación marcada a continuación atópase presentada no concello de Ourense, concellaría dee non sufriu variación algunha:

Código de identificación fiscal (CIF)

Inscripción no Rexistro de entidades cidadás do concello de Ourense

Estatutos que rexen a entidade así como a certificación acreditativa dos cargos representativos

Datos bancarios da conta a que se poderá transferir o importe da subvención

Ourense, de de 2026

PRESIDENTE/A

SECRETARIO/A

SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE OURENSE

Documento asinado electrónicamente conforme á Lei 6/2020.

A versión impresa do documento electrónico ten a condición de COPIA.

Verificación do documento mediante código CSV no sitio <http://sede.ourense.gob.es>

CÓDIGO CSV:7GXKWUSFVJH6VOPY



ANEXO IX

CERTIFICADO DO SECRETARIO/A

D/Dña.....con DNI.....como secretario da
Federación/Asociación de nais e pais.....

CERTIFICO

Que d/dona.....DNI..... é presidente
da entidade referenciada desde a data da súa elección, o día.....de.....deostentando na
actualidade dita condición polo que, consecuentemente, lle corresponde a representación legal da entidade.

Ourense, de de 2026

SECRETARIO/A

SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE OURENSE

